

RÉXIME INTERNO

do Campus de Verán XuvenCiencia Lugo e de Lumieira Acompaña

As persoas PARTICIPANTES deben

1. Respetar e acatar a **titorización, ordes e directrices** organizativas do profesorado e do monitorado, así como as **medidas disciplinarias** se as houbese.
2. **Permanecer en todo momento baixo a titorización e acompañamento** do profesorado ou do monitorado.
3. Estar **atentos/as ás directrices** do profesorado ou do monitorado, podendo preguntar en todo momento as posibles dúbidas e opcións dispoñibles, se as houbese, non sendo unha causa xustificable para unha falta cometida o descoñecemento ou omisión dalgunha norma ou instrución.
4. Ser **respectuosos/as, tolerantes, e non violentos/as** (nin verbal nin fisicamente), e informar rapidamente ao profesorado ou monitorado se **presencian ou sofren** algunha actitude ou acción que non respecte eses valores.
5. Coidar en todo momento as **instalacións, transporte, materiais, mobiliario**, etc., respondendo individualmente dos danos que ocasionen con actos non adecuados ou cun mal uso desas instalacións.
6. Respetar a **separación de zonas por sexos** (baños, vestiarios, cuartos, etc...) e os **espazos individuais** de aloxamento. Non se permite acceder ás zonas asignadas ao outro sexo, nin aos cuartos/habitacións doutros/as usuarios/as.
7. Respetar o **dereito á honra e á intimidade persoal** dos seus compañeiros. Isto implica que se prohíbe tirar **fotos**, e gravar **imaxes ou sons** con calquera dispositivo móbil durante todo o Campus, salvo que se conte coa autorización expresa dos outros participantes.
8. Respetar os **obxectos persoais** e pertenzas dos seus compañeiros/as.
9. Respetar os **horarios marcados** na organización xeral da actividade e ser **puntuais** no seu cumprimento. Para garantir o bo funcionamento do Campus de Verán **non se permiten entradas e saídas fóra do horario establecido**.
10. Avisar coa maior axilidade posible ao profesorado ou ao monitorado se se senten **indispostos/as**, se **lesionan** ou **enferman** (ou son testemuñas desta situación noutro/a compañeiro/a), para comunicarllo aos seus responsables e acordar coa maior axilidade posible as medidas a tomar.
11. Non inxerir, nin estar en posesión de **alcohol, tabaco, drogas** ou calquera outra **substancia prohibida** ou prexudicial para a saúde.
12. Achegar formalmente (na Inscripción e na Entrada) información detallada de todas as **intolerancias alimentarias, limitacións físicas ou psíquicas, discapacidade, alerxias, enfermidades**, ou calquera **factor de risco** para a súa saúde, co fin de tomar as medidas oportunas. Igualmente, achegarán formalmente información detallada da posible **medicación ou substancias terapéuticas** que teñan que inxerir durante a estada na actividade.
13. Portar consigo en todo momento a súa documentación básica: documento nacional de identidade (DNI), pasaporte ou documento oficial identificador, e tarxeta sanitaria (pública e/ou privada).
14. En todo momento os/as rexistrados/as no Campus XuvenCiencia cumpriran coas medidas establecidas polas autoridades sanitarias e a organización do Campus respecto á COVID-19.

Os adultos RESPONSABLES do alumnado participante

I.- Poderán **recoller da actividade** aos/ás participantes no momento en que sexa necesario (imprevistos), avisando coa máxima antelación posible, acordando o horario previamente coa organización e asinando o REXISTRO DE SAÍDA. Igualmente (e coas mesmas condicións de aviso, acordo de horario e sinatura no REXISTRO) **terán a obriga de recoller** ao/á participante se se produce reiteración intencionada e desafiante de faltas leves, algunha falta grave ou moi grave á orde, ou por indisposición, enfermidade, ou calquera eventualidade que lle impida continuar na actividade.

II.- **Deberán facilitar** polo menos dous **números de teléfono** e un **endereço electrónico** para optimizar a comunicación e a coordinación ante posibles incidencias.

III.- Confirmarán coa súa sinatura no REXISTRO DE ENTRADA na actividade que **revisaron a equipaxe** do seu/súa titorizado/a e que ao chegar á actividade esta **cumpria escrupulosamente** o punto 11.

(Considérase **falta grave** o incumprimento das normas 2, 4, 5, 6, 8 e 9, e **falta moi grave** o da 7 e 11, as demais faltas leves.)